

Finis Terrae

De vilas peregrinas

DORINDA CASTRO SOLIÑO

Dise que a conquista da Gallaecia comezou cando as tropas de Décimo Xunio Bruto atravesaron o río Limia, que creeron que se trataba do Lethes ou río do Esquecemento. Os soldados, temendo perder a memoria ao atravesalo, só foron quen de facelo finalmente cando o seu comandante pronunciou, un a un, os seus nomes desde a outra beira. Só entón comezou a romanización do Finis Terrae atlántico.

Dise que na Gallaecia estaba a cidade de Antioquía, vila peregrina que xa viña das illas do Norte fuxindo dos inimigos e que, cansa de fuxir, ficou asolagada para sempre baixo das augas da lagoa de Antela, no corazón das terras limiás. Dise tamén que os exércitos do Rei Artur da Bretaña son as nubes de cínifes que habitan as chairas da Limia, agardando o regreso do Rei. E dise aínda que desecaron a lagoa para non escoitar

xamais as campás submersas de Antioquía

Todo iso se di.

Rafael Laso Lorenzo naceu precisamente alí, na Limia. É enxeñeiro técnico industrial pola EUE-TI de Vigo. Ademais diso, é autor dunha obra infantil *Por que Baldomero Quin-*



táns? e tamén das novelas *Memoria contra o Alzheimer* e *A vida que non é. Agora vén de publicar, en Edicións do Cumio, O trasmundo de Antioquía*, novela de dúas centas quince páxinas que recrea as lendas da terra limiá e na que realiza unha "viaxe ao centro das augas", parafraseando o título de Jules Verne.

Nela un narrador en 1ª persoa conta as pesquisas que comezou a realizar unha vez

que se deron tres casualidades na súa vida: o achado do mapa do Antigo Reino de Galicia, a descuberta dun cadro no que se ve a Bruto e as tropas e, en fin, unha carta escrita polo avó contándolle a súa viaxe ao trasmundo da desaparecida

lagoa de Antela.

Xustamente nas liñas desa carta, o avó vainos relatando as s peripécias vividas no fondo das augas unha vez que entrou pola ponte das Poldras. Alí, guiado por D. Tomás López, autor do mapa do Antigo Reino, o vello avó percorre os recunchos dun lugar onde non existe o tempo nin a morte.

O estilo epistolar do ancián é interrompido frecuentemente coas reflexións, as observacións e os recordos do narrador na súa infancia, as andanzas pola Limia e o mundo que tamén se perdeu ...

A lenda artúrica, a historia, a mitoloxía, personaxes e feitos reais e fantásticos camiñan da man nesta novela de aventuras que nos conduce á cidade eterna e nos describe o perigo e probas que se han superar para merecer ser habitante dela.

Unha novela, que malia pequenos erros, explicacións que coídamos innecesarias e algún que outro castelanismo, coídamos interesante para encher este silencio e vencer este Río de Esquecemento que nos navega na boca.

LASO LORENZO, Rafael, O trasmundo de Antioquía, Ed. Cumio, Vilaboa, 2009, PVP: 20€